

AGOÑE, S.L.U.



“Cada vez hai máis persoas maiores que necesitan asistencia”
Alexis Quesada Jiménez

Datos básicos

Actividade:	Servizos de asistencia sociosanitaria e axuda a domicilio
Sector de actividade	Servizos de limpeza, atención doméstica, terceira idade e nenos
Nº empregados	10
Inversión inicial	7.200 €
Financiamento inicial:	O investimento inicial foi financiado integramente con fondos propios.
Web:	
Municipio:	Marín, Pontevedra
Ano creación:	2001

Descrición do proxecto

Trátase dunha empresa de asistencia sociosanitaria e axuda a domicilio. O lema da empresa é: vivir no domicilio ata que xa non sexa posíbel. Ofrecemos un servizo moi flexíbel, orientado a todo tipo de persoas e mantemos relación de colaboración coa comunidade canaria (onde teño contactos, pola miña experiencia laboral na empresa de ambulancias), coa Xunta de Galicia e con varios concellos.



Datos empresa

Claves do éxito

A calidade no servizo é clave fundamental, Teño unha certificación de calidade e ofrezco un trato exquisito aos meus clientes. Neste sentido, considero moi importante saber escoitar e entender á xente, ter psicoloxía e dar un trato humano.

En canto á publicidade, o método máis eficaz é o boca-ouvido. A experiencia dun cliente satisfeito é garantía de mantemento no mercado e de aparición de novos clientes.

Por outra parte, os prezos impostos polos servizos que ofrezco son moi razoábeis (un coidador que traballa 8 horas de luns a venres ten un custe de 920 € aproximadamente).

Situación actual

Na actualidade teño 10 empregados repartidos entre as provincias de Pontevedra, Ourense e Lugo. Ademais teño previsto comezar en breve a miña actividade na provincia da Coruña.

Manteño relación de colaboración coa comunidade canaria (onde traballei nunha empresa de ambulancias), coa Xunta de Galicia e con varios concellos.

Perfil cliente

O meu cliente obxectivo é moi variado. Desde pensionistas con rentas moi baixas, que contratan servizos por unha ou dúas horas diarias, a persoas con rentas altas.

Unha peculiaridade consiste en que o servizo acostuma ser contratado polos fillos, aínda que o acostuman pagar os pais.



Idea inicial

A idea xurdíume a raíz de toda a miña experiencia profesional e, en particular, no sector dos servizos sociais cando traballaba en Canarias. Alá detectei a oportunidade, percateime de que o mercado potencial era moi importante, cada vez máis persoas maiores necesitan que alguén coide deles. Sen embargo, xa desde o primeiro momento fun consciente de que ía a enfrontarme a un importante problema de mentalidade (a estas persoas cústalles admitir que necesitan ser coidadas por unha persoa allea á familia e que han de pagar por este servizo).

Principales dificultades y amenazas futuras

Nun principio, non me tiven que enfrontar a ningunha dificultade. A partir da idea, comecei a traballar e nun mes tiña a empresa constituída. Encanto ao futuro, non teño medo á competencia. Na Xunta existen varias empresas adscritas a este servizo e sen embargo escóllenme a min.

Perfil promotores

Alexis é auxiliar de enfermería. Ademais presenta unha dilatadísima experiencia en diversas actividades, a maior parte delas relacionadas co sector dos servizos sociais. Por citar algunhas, aporta experiencia de 15 anos en taller de chapa e pintura, venda de libros, dependente en supermercado, técnico de transporte sanitarios en ambulancias (en Canarias), coordinador de empresa de ambulancias (en Galicia), operador de parking, auxiliar de enfermería, voluntario da Cruz Vermella, voluntario en asociación xuvenil de nenos con problemas de adaptación social, plataforma 0,7, etc.
Por último, prevé realizar un curso sobre administración de empresas.
Con vintecinco anos, crea a súa empresa de servizos sociais.

Aptitudes necesarias

As ganas de traballar, o entusiasmo, a paciencia á hora de esperar resultados e o apoio emocional do teu entorno son claves fundamentais para manterte e seguir adiante.



Guía de Actividad

Servizos de atención ó fogar e ás persoas (www.guias.bicgalicia.es)

Motivacións

Dedicarme ao que me gusta

Demostrar aos demais as miñas capacidades

O reto que supón

Dirixir persoas e organizacións

Formación

¿Recibiui información específica sobre a creación de empresas?

Non.

¿Considera importante recibir formación específica sobre creación de empresas para desenvolver con éxito un proxecto empresarial?

Considéroo fundamental, e por iso vou comezar un curso sobre administración de empresas. Aínda que as asesorías o fagan case todo, hai que coñecer moi ben por onde se move un. Ademais, a formación dá seguranza a un mesmo e aos clientes.

Anecdotalio

Cando a xente ve "AGOÑE: Servizos Sociais", pregunta se é gratuito.

